

SANTIAGO: SEDE E ESPERANZA

A terra seca e os ríos en silencio. As plantas sedentas aférranse ás últimas gotas de orballo. O sol, imparable, castiga a paisaxe que antes floreceu de vida. As cidades están inmersas nunha calor insoportable.

Nas rúas, os pozos secos escoitan o eco de pasos solitarios. A xente, coa sede reflectida nos seus ollos, comparte historias de ríos que antes deron suficiente abundancia. Os agricultores contemplan os campos áridos que antes foron o seu método de vida.

A fame, unha compañeira inesperada, visita casas onde antes reinaba a abundancia. O pan escasea e as racións diminúen mentres desaparece a esperanza. Nos ollos dos nenos reflíctese un futuro incerto.

Na escuridade da noite, as estrelas vixían un Santiago de Compostela que espera ansiosa una chuvia salvadora. Mentres agarda, recita unha oración: "Auga, ven a nós e devólvenos a vida que nos roubaches".